

# Contra as cordas

Poesía de restos e pedazos

ROMÁN RAÑA

Luis Valle (Lugo, 1977) practicou, desde os seus inicios, unha poesía de concentrado estupor. Desde os seus inicios os seus poemas eran tan magros (poucos versos densamente dispersos pola páxina como densas bombas de sentido múltiplo) como tan inversamente intensos. O asombro manaba da conxugación da beleza cos fondos sentimientos que xeraba. O libro que agora nos preocupa, *Óstraka*, abre outros caminos formais e, portanto, expresivos. Agora as composicións son más extensas, aínda que nos seus adentros aniñen breves e directos pormenores, sobresaltos, senrações e feridas que van anegando o peito do lector.

Os *Óstraka* eran cunchas ou fragmentos de cerámica sobre os que se escribia. En arqueoloxía designa os anacos de cerámica que se empregaban como borradores para aprender a escribir ou pintar (ambas afeccións adornan o noso artista). A metáfora sérvenos para deducir que as pezas do volume son anacos (nacen do que se rompe) que perduran no tempo (como mensaxes no interior de botellas naufragas) e que o lector ten que descifrar, ordenar, completando, coa súa imaxinación e sensibilidade, o que se tratou de comunicar.

Poesía de restos e pedazos, de cascallos e de esbozos que sobreviven ao pasar do tempo e que transmiten a insondábel sensación da fugacidade da existencia que traspasa a nosa pel e alcanza a alma: "os nosos corpos/deflagraron cara a dentro/como un corazón de tungsteno/en comunión inútil/ce nada". E neste senvir hospédase a natureza hostil da vida, que termina no vacío. Por iso enxendar, ter descendencia, non invalida ou anula a chegada do final, mais ben é unha cruel anticipación do que a todos nos agarda: "mentres no ventre/van medrando,/como estrañas graffias./as idades".

Resulta inquietante a indagación na propia poesía e na fráxil ferramenta das palabras para informar da nosa precaria condición de seres finitos: "PALABRA:fugaz baleiro/no baleiro". Onde os poetas, inevitavelmente, serán para sempre derrotados: "fatigados boxeadores/contra as cordas".

VALLE, Luís, *Óstraka*, Ed. Galaxia, Vigo, 2019, PVP. 14,25 €

